



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 29 DE ABRIL DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:25 horas do día 29 de abril de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 27-04-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dña. Susana García Alvarez
Dña. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Miguel Fidalgo Iglesias.
D. Secundino Otero Failde (asiste ao apartado 2 a))
D. Fernando Carballo. (asiste ao apartado 3 a))
D. José Angel Otero (asiste ao apartado 2 b))

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

ORDE DO DÍA:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión de 27-04-2016

Se aproba o contido da acta da sesión de 27-04-2016.

2.-Apertura de ofertas económicas.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo.(expediente 11483-306).

En acto público abriuse o sobre C que contén a oferta económica o resultado foi o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 12:38	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4F-E9E8AA-2958BD-5BXUAK-898HLT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

EMPRESA	PREZO	INCREMENTO HORAS	PREZO HORA
CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA.	808321,26	150	12,84
INTUR ESPORT, S.L.	395096,12	10	13,2
EMSEBUR, S.L.	796639	150	12,4

Asistiu ao acto público de apertura Dna. María Isabel Otero Soto en nome de Cruz Vermella Española

As ofertas pasan a informe do servizo Xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de control de acceso dos usuarios, mantemento básico limpeza e apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Balaídos.(expediente 14569-333).

En acto público abriuse o sobre C que contén a oferta económica o resultado foi o seguinte:

COMBINA SOCIAL, S.L.: propón un prezo de 32.137, 60 euros. A mesa por unanimidade acorda excluír a oferta presentada por supera-lo tipo de licitación.

EULEN, S.A.: propón un prezo de 31.460 euros.

E.I.L. CORMO INTEGRAL, S.L.U.: propón un prezo de 31.103,05 euros.

ARTELLAR 2000, S.L.: propón un prezo de 26.880 euros.

SERVIPLUSTOTAL, S.L.: propón un prezo de 37.510 euros. A mesa por unanimidade acorda excluír a oferta presentada por supera-lo tipo de licitación.

VIRAXES, S.L.: propón un prezo de 35.726,05 euros. A mesa por unanimidade acorda excluír a oferta presentada por supera-lo tipo de licitación.

Asistiu ao acto público de apertura D. Xosé Ares González en nome de Artellar 2000 S.L.

As ofertas pasan a informe do servizo Xestor.

3.- Proposta de adxudicación.





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo. (expediente 6603-12).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado con publicidade para a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo. (expediente 6603-12)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **15 de abril de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- - Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento negociado con publicidade para a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo. (expediente 6603-12).." no seguinte orde decrecente:

Vigo Eventos, S.L. 94 puntos.

Pablo Vidal Rodríguez 67,39 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Vigo Eventos, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 12:38	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4F-E9E8AA-2958BD-5BXUAK-898HLT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- A documentación esixida na cláusula 11 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador para que especifique os 16 produtos especiais (sen gluten e sen lactosa) dos presentados na súa primeira oferta.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar Vigo Eventos, S.L. , o día 15 de abril de 2016, que presenta a documentación requirida en data 27 de abril 2016, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- A mesa de Contratación celebrada o 29 de abril de 2016 comprobou que a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, *Vigo Eventos, S.L.* é a requerida polo órgano de contratación como necesaria para a adxudicación do contrato, polo que a mesa propuso ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primer lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *Vigo Eventos, S.L.*

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a *Vigo Eventos, S.L.* , o procedemento negociado con publicidade para a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo. (expediente 6603-12) cun canon anual de 1.600 euros/ano e coas seguintes prestacións adicionais:

- Unha rebaixa a aplicar sobre os prezos máximos fixados respecto os produtos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 12:38	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4F-E9E8AA-2958BD-5BXUAK-898HLT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

básicos (Grupo 1) e os produtos das maquinas automáticas (grupo 3) do anexo IX.5 do prego de prescricións técnicas do 16% para tódolos anos do contrato.

- Unha redución dos prezos para o menú, medio menú e menú infantil do 11 (%) para tódolos anos do contrato.

- Unha redución dos prezos previstos para outros servizos do 11 (%) para tódolos anos do contrato.

- Unha redución dos prezos previsto para ó persoal municipal do 21 (%).

- Propón como productos especiais (sen gluten e sen lactosa) a ofertar na cafetería (ademáis dos obrigatorios incluídos no anexo IX.5) do prego de prescricións técnicas (grupo IV) os relacionados na documentación aportada o día 27-04-2016.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 09:50 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 12:38	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AB4F-E9E8AA-2958BD-5BXUAK-898HLT-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		